CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 12 de xuño de 2006 pola que se modifica a época de máximo perigo de incendio, regulada na Resolución do 27 de xaneiro de 2005 sobre medidas para a prevención de incendios forestais.

Mediante Resolución do 27 de xaneiro de 2005 reguláronse unha serie de medidas de cara á prevención de incendios forestais. A dita previsión, de actual aplicación, ao abeiro da Resolución do 31 de marzo de 2006, declara no seu punto 3 cales son as épocas de máximo perigo de incendios e sinala, así mesmo, que poderán considerarse igualmente época de máximo perigo aqueloutros períodos do ano en que as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agraven o risco de incedio.

Co obxecto de reducir o perigo de incendios durante o período de verán e por mor das actuais condicións meteorolóxicas, atendendo, así mesmo, ás estatísticas de incendios forestais e á súa distribución territorial e temporal é preciso anticipar a época de máximo perigo de incendio prevista na normativa citada, que se estenderá desde o 15 de xuño ata o 15 de outubro.

En virtude do anterior,

RESOLVO:

Declárase época de máximo perigo de incendios a comprendida entre o 15 de xuño e o 15 de outubro, modificando a prevista na Resolución do 27 de xaneiro de 2005 sobre medidas para a prevención de incendios forestais, sen prexuízo de que poida considerarse igualmente época de máximo perigo aqueloutros períodos do ano en que as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agraven o risco de incendios.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2006.

Alberte Blanco Casal
Director xeral de Montes e Industrias Forestais